

# O FILLO DE SAUL

[László Nemes, 2015]

# 84

ESTREA EN NUMAX: 12.02.2016 | V.O.S.E. | +18

## FICHA TÉCNICA

Saul fia (2015, 107')

**Dirección:** László Nemes

**Guión:** László Nemes, Clara Royer

**Reparto:** Géza Röhrig, Levente Molnár, Urs Rechn, Sándor Zsótér, Todd Charmont, Björn Freiberg, Uwe Lauer, Attila Fritz, Kamil Dobrowolski, Christian Harting

**Montaxe:** Matthieu Taponier

**Dirección de arte:** Hedvig Kíraly

**Son:** Sámuel Csóka

**Música:** László Melis

**Vestuario:** Edit Szücs

**Fotografía:** Mátyás Erdély

**Produtora:** Laokoon Filmgroup, Hungarian National Film Fund (Hungría)

**Distribuidora:** Avalon

**Formato de proxección:** DCP 2K, 1.37:1

## PREMIOS

Oscar 2016, nomeado ao mellor filme de fala non inglesa. Globos de Ouro 2016, gañador ao mellor filme de fala non inglesa. Cannes 2015, gañador do premio FIPRESCI e do Gran Premio do Xurado.

## FILMOGRAFÍA

*The Gentleman Takes His Leave*, 2010

[Curtametraxe]

*The Counterpart*, 2008

[Curtametraxe]

*With a Little Patience*, 2007

[Curtametraxe]

## SINOPSE

Saúl Auslander traballa como *sonderkommando* nun forno crematorio en Auschwitz. O seu terríbel día a día dá un xiro cando cre recoñecer ao seu fillo entre os cadáveres que está obrigado a queimar e, afastándose dos plans de rebelión dos outros prisioneiros, teima en atopar un rabino para enterrar dignamente ao rapaz.

«László Nemes, co seu extraordinario debut, leva a un lugar insólito a representación cinematográfica da Shoah. Unha obra mestra que, para calquera espectador, debера ser unha experiencia irrenunciábel»

Carlos Reviriego. EL MUNDO



## Entrevista con László Nemes

Por Amír Ganjavie

**É moi ousado pola túa parte contar unha historia sobre o Holocausto sabendo que esta caste de temas teñen que lidar sempre con toda caste de reaccións e controversias. Que te moveu a afrontar esta tarefa?**

O experto que nos asesora en cuestións históricas comentounos que, dos 430.000 xudeus húngaros deportados, 100.000 foron nenos asasinados na cámara de gas. E estes nenos nunca tiveron enterro. El agarda que algún día teñamos 100.000 espectadores en Hungría, algo que nunca vai acontecer. Mais se 100.000 persoas en Hungría viran este filme significaría que, dalgún xeito, estarían a representar a cada neno. É moi emocionante. É unha ferida aberta que se pode sentir. A xente tende a dicir que se trata dunha historia máis sobre o Holocausto, como se fora outra historia sobre o Titanic, unha cousa mítica. Non, non é unha historia máis. Para nós é presente, non mito. Iso foi o que nos motivou a facer o filme, facelo presente.

**Hai unha longa listaxe de autores que xa trataron este tema. Como quixo diferenciarse doutros filmes clásicos centrados en Auschwitz como *A lista de Schindler*, *Noite e néboa* ou *Shoah*?**

Non teño interese en me diferenciar. Quería facer un filme que tivese sentido para min e, se cadra, para unha certa xeración. Esa xeración non é aquela que viviu o trauma do Holocausto. É unha xeración que non sabe apenas nada deste tema e que se atopa desconectada. A idea era sacar todo isto dos libros de Historia e traelo ao presente e para iso non busquei un heroe nin me interesaba o punto de vista dos superviventes; nin sequera estaba interesado en representar a fábrica de matar. Busquei unha perspectiva única para contar a historia da maneira máis simple e minimalista posíbel. Ollei o mundo desde a perspectiva de Saúl Auslander, un xudeu húngaro membro do *sonderkommando*. Quixen facer algo moi histórico a partir de algo moi vivo e reducilo todo á dimensión dun ser humano concreto. Nese sentido, este filme é moi diferente de historias de superviventes como

*A lista de Schindler*, que é moi bo filme, moi talentoso, dramático e case épico. O meu non é sobre a supervivencia, é sobre a realidade da morte. A supervivencia é unha mentira, era a excepción.

**Unha cuestión central nos filmes do Holocausto é como representar as atrocidades, especialmente a cámara de gas. No teu filme só aparece de xeito difuso, como pano de fondo. Como se relaciona esta decisión coa estratexia estilística do filme?**

De feito, prohibínome a min propio representar o horror dentro da cámara de gas porque me limito á perspectiva de Saúl. El traballou alí durante catro meses e remata perdendo a capacidade para sentir o horror pois chegou a afacerse a el. A cámara frea na porta da cámara de gas, entrando tan só logo do acto de exterminio para amosar a Saúl removendo nos corpos e limpando as súas pegadas.

**Por que decidiu rodar o filme en celuloide e non en dixital? O meu director de fotografía, Mátyás Erdély, e máis eu tomamos esa decisión porque o celuloide representa para nós a esencia e a alma do cinema, todo o demais é outra cousa diferente. A industria do cinema está a facer desaparecer o celuloide e ambos sentimos que non é axeitado. Se tiveramos gravado en dixital non sería o mesmo filme. Nós procurabamos unha certa inestabilidade nas imaxes, unha forma orgánica que só o 35mm. nos podía outorgar. Tamén queríamos asegurarnos de que as novas xeracións entendan o que significa gravar en cinema. Traballar con celuloide é tamén unha caste de disciplina que implica unha certa postura na dirección; significa que tes que tomar decisións con antelación, non podes arranxalo todo na sala de edición.**

Extraído de: <https://mubi.com/notebook/posts/an-interview-with-laszlo-nemes>  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### NA NOSA LIBRARÍA

***La especie humana*. Robert Antelme.** Arena, 2015  
***Eichmann y el Holocausto*. Hanna Arendt.** Taurus, 2012  
***Imágenes pese a todo*. George Didi-Huberman.** Paidós, 2004  
***Shoah*. Claude Lanzmann.** Arena, 2003  
***Algo vivo que pasa*. Claude Lanzmann.** Arena, 2005  
***Si esto es un hombre*. Primo Levi.** Austral, 2013  
***El universo concentracionario*. David Rousset.** Anthropos, 2004  
***La Shoah en Lévinas: un eco inaudible*. Alberto Sucasas.** Devenir, 2015  
***El último de los injustos*. Claude Lanzmann.** Avalon [DVD]

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TEL 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)